

Facultade de Filoxía e Tradución
Universidade de Vigo

Comisión de Calidade 25/05/2020

Acta da sesión extraordinaria da Comisión de calidade da facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 25 de maio no Salón de Actos da FFT do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Asistentes:

Presidencia

José Francisco Montero Reguera

Secretaría

María Seijas Montero

Sector profesorado

Inmaculada Báez Montero

Ana Bringas López

Carmen Cabeza Pereiro

Antonio Chas Aguión

María Dolores González Álvarez

Lourdes Lorenzo García

Ana Luna Alonso

Ana María Pereira Rodríguez

Fernando Ramallo Fernández

Antonio Rifón Sánchez

Alexandre Rodríguez Guerra

Nuria Yáñez Bouza

José Yuste Frías

Desculpan

Maribel del Pozo Triviño

Non asisten

Jorge Figueroa Dorrego (PDI)

Tania Souto Rodal (estudiante)

Raúl Manuel Pérez Álvarez (estudiante)

Belén Otero Rey (PAS)

Ábrese a sesión ás 11:15.

Orde do día

1. Aprobación, se procede, da memoria de modificación do Grao en Linguas Estranxeiras.

A coordinadora do grao en Linguas Estranxeiras resume os principais contidos da memoria de modificación do grao en base aos 90 créditos en común co grao de CLEL e aos criterios da ACSUG. Sinala tamén que a memoria necesitou unha reforma profunda xa que era antiga e tiña que adaptarse á actualidade. A directora do departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá incide en que non supón cambio de competencias nin de resultados de aprendizaxe. O coordinador do MILA toma a palabra e di que algunhas materias só teñen como idioma de impartición o castelán e que a Universidade de Vigo debe promover o uso do galego e do castelán en todas as materias que non sexan materias de linguas. Pide que se inclúa tamén o galego. O decano e a coordinadora do grao en Linguas Estranxeiras sinalan que xa foi correxido e a vicedecana de calidade indica que a versión definitiva foi enviada á Comisión de Calidade na tarde do venres 22 de maio.

Apróbase por 11 votos a favor e 3 abstencións.

2. Aprobación, se procede, da memoria de verificación do Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española.

O decano informa que a memoria vén de ser aprobada en Xunta de Titulación por 17 votos a favor, 4 en contra e 3 abstencións. Explica tamén que é necesario substituír o grao de CLEL por outro pola comunicación por parte da Xunta, en febreiro de 2019, do peche do grao. Explica que se presentou unha primeira memoria que foi rexeitada e permitiron presentar esta segunda memoria. O coordinador do grao en CLEL fai un resumo da memoria sinalando que no plano de estudos, baseado principalmente na aplicación da filoloxía galega e española en todos os contidos e as competencias, primouse o facer saber, fronte ao saber. Indica tamén que en todas as materias buscou unha aplicación práctica, sobre todo, dirixida ao mundo dixital, e ás tecnoloxías da información e da comunicación para diferenciarnos das outras filoloxías que hai no SUG. O decano fai constar que a memoria é un traballo conxunto coas autoridades académicas e resultado da reunión que se tivo, en decembro de 2019, na Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia. Algunhas das indicacións que se fixeron nese momento, como os informes de avaliadores externos ao SUG, foron incorporadas á memoria.

Abrese un turno de intervencións e María del Carmen Cabeza comeza agradecendo o traballo dos membros da comisión redactora da memoria, do decano e do resto das persoas que participaron na súa elaboración. Sinala a singularidade do módulo de Lingua de Sinais española, un reto que pode ser ben recibido polas autoridades académicas, pero son ensinanzas moi particulares que requiren un profesorado singular. Incide na dificultade de conseguir ese profesorado e solicita a maior das colaboracións no futuro para que as materias de Linguas de Sinais españolas inpartáanse con calidade. O decano indica que se loitará para conseguir o que expón a profesora Cabeza.

Apróbase por 11 votos a favor 3 tres abstencións

3. Aprobación, se procede, da memoria de verificación do Mestrado Interuniversitario de Español Lengua Extranjera (MIELE).

O decano informa que o mestrado é o resultado do acordo entre as universidades de Vigo e A Coruña. A directora do departamento de Lingua Española toma a palabra e agradece ás persoas que traballaron na redacción da memoria o seu traballo, é dicir, a profesora Rosa Pérez da UVigo e Esperanza Acín e Luís García da UDC. Concha Baez tamén sinala que en principio iba a ser un mestrado conxunto entre as tres universidades galegas, pero a USC retirouse e vai presentar unha proposta individual. Indica que é un mestrado que se caracteriza por estar centrado na ensinanza práctica do estudantado. Resume a súa estrutura e indica que está pensado para estudantado luso falante, filipinos, brasileiros e estudantado de outras universidades europeas. María del Carmen Cabeza toma a palabra e pregunta se a aprobación deste novo mestrado vai implicar unha modificación da memoria do MILA. Concha pensa que non suporá unha modificación, e que é un bo complemento para o mestrado de secundaria. Fernando Ramallo pregunta qué español se vai ensinar no mestrado: de España, internacional, de Latinoamérica. Concha Baez sinala que a lingua de uso será o español de Galiza, pois parte do profesorado é das universidades galegas, pero pensan tamén no español como unha lingua multicéntrica e multicultural.

Apróbase por 14 a favor e 1 abstención (incorpórase á Comisión a directora do departamento de Tradución e Lingüística)

4. Aprobación, se procede, das modificacións, debidas á COVID-19, das guías para a introdución dunha avaliación alternativa non presencial para a segunda oportunidade.

O decano explica que as modificacións das guías do segundo cuadrimestre non pasaron por Comisión de Calidade polas urxencias do momento e coa autorización da Área de Calidade.

Apróbase por asentimento

5. Aprobación, se procede, da disposición transitoria ao Regulamento de TFG para permitir o depósito unicamente por vía electrónica.

Apróbase por asentimento

6. Aprobación, se procede, da disposición transitoria ao Regulamento de TFM para permitir o depósito unicamente por vía electrónica

Apróbase por asentimento

7. Aprobación, se procede, da addenda á normativa específica de TFM do Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada.

O coordinador do MILA informa sobre o máis relevante da addenda á normativa específica de TFM do MILA. A novidade é que se propón un tribunal unipersonal, pero a esa cualificación se unirá unha comisión de tres titulares e dous suplentes, elexida pola CAM, que recibe as notas dos directores, o estudiantado debe estar dispoñible por se a comisión ten que facer algunha pregunta, e ratificará a nota final.

Apróbase por asentimento

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión as 11:55.

Vigo, 25 de maio de 2020

Visto e prace do Decano

A secretaria (Vicedecana de calidade)



José F. Montero Reguera

María Seijas Montero

DILIXENCIA

Para facer constar que esta acta foi aprobada na Comisión de Calidade ordinaria do 21/07/2020

A/O Secretaria/o da Comisión de Calidade



María Seijas Montero